

PROGRAMA DE ACOLLIDA COVID 19

Presentada ao consello escolar

Avaliada polo consello escolar:

Aprobada polo claustro nos aspectos docentes:

Remitida á inspección educativa:

CEIP EDUARDO CELA VILA CURSO 20/21 (TRIACASTELA)

ÍNDICE

1- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO FRONTE O COVID-19	PAX3
2-ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.	PAX14
3-ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO-PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.	PAX17
4-ATENCION AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACION DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESION.	PAX18

1- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO FRONTE O COVID-19.

-Na consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional existirá un Equipo de Coordinación Operativa COVID que se constituirá como elemento básico de coordinación e comunicación coa Consellería de Sanidade. O equipo estará conformado pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, da Vicesecretaría, da Subdirección de Inspección, Avaliación e Calidade do sistema educativo, da Subdirección Xeral de Recursos Humanos, as catro persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería e das xefaturas de inspección en cada provincia. Os centros educativos onde poida xurdir un abrocho comunicarán as incidencias a este órgano.

-No noso centro a persoa coordinadora do equipo COVID é Lorena María Castro Sobrado, persoa responsable do centro e encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado. Corresponde a esta persoa elaborar un “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”

-O “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021” será comunicado ao persoal do centro, a todas as familias e ao alumnado, neste último caso a partir dos niveis de ensino obrigatorio. Será remitido tamén a Inspección educativa xunto co resto da documentación correspondente ao inicio de curso.

-O centro elaborará un “Plan de Continxencia” no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade.

-O noso centro conta con 15 alumnos/alumnas. Polo tanto ao tratarse dun centro burbuxa a entrada será común para todo o alumnado, inda que se sinalizará no chan a distancia marcada dun alumno a outro. (1,5m).

-O noso centro conta con dúas mestras que serán as encargadas de facer efectiva a entrada ao recinto en condicións de seguridade, partindo da recepción na cancela con xel hidroalcohólico e a posterior colocación por sinalización respetando a distancia marcada (1,5 m).

-O alumnado poderá estar fora do centro antes do inicio da actividade lectiva, tendo en conta o número de nenos e nenas e os espazo adicado a acollida da chegada. Medindo os metros do patio é o número de alumnado a súa chegada non debería dar lugar a aglomeracións. De todas maneiras os mestres do centro terán en conta a medida de separación por se fose necesario a inclusión do alumnado na aula antes de que comece o inicio da propia actividade.

-Tendo en conta o espazo de entrada co que contamos o alumnado (tanto de infantil coma de primaria), poderá ser acompañado por un familiar, sempre coa norma de que non entre nas instalacións cerradas do centro.

-O centro permitirá as entradas dos proxenitores ao mesmo en casos excepcionais, administrativos ou cando a presenza sexa requerida mediante cita previa, chamada telefónica ou outros motivos específicos, tamén cando a súa presenza sexa requerida.

-No noso centro sempre se respectará a distancia de seguridade, non obstante tendo en conta o número de alumnado a entrada e saída será a mesma. Isto non vai en contra en que o alumnado circulará de forma individual pola dereita e que todas as zonas esté sinalizadas no chan ou por medio de cartelería.

-Térase moi en conta o fluxo do alumnado nas actividades que así o requiran.

-O alumnado de Infantil e de Primaria non terá que flexibilizar o horario de saída, debido a que seguindo a sinalización e as ordes das dúas mestras non debería existir ningunha agrupación de cara a saída ao exterior.

-As dúas mestras do centro velaremos porque o material esté desinfectado. Por outra parte contamos coa axuda do Concello que nos ofrece unha hora a maiores da limpiadora para encargarse de desinfectar as aulas nas que traballamos antes da saída ao recreo. Polo tanto o centro estará totalmente desinfectado a chegada dos nenos, volverá a desinfectarse no recreo e finalmente a saída dos nenos.

-Na saída do alumnado que evitará as agrupacións estará o autobús esperándoos e tamén con anticipación a hora de saída os seus pais, o fin de evitar agrupacións.

-Nas comunicacións verticais o uso do elevador quedará limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara. Cando sexa posible

pola distribución do centro, utilizaranse preferentemente un núcleo de escaleiras de subida e outro de baixada (medida que non é necesaria no noso centro).

-A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021”. Dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao COVID e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

-A Anpa, en caso de celebrar xuntanzas coas familias farao de forma escalonada tendo en conta o número de alumnos que ten o centro.

-Os Consellos Escolares celebraránse de forma presencial, posto que o noso consello está formado tan so por 4 persoas.

-As reunións de tutoría poderánse realizar tanto por comunicación telefónica, videochamada ou de forma presencial mediante cita previa e coa correspondente desinfección da zona onde se recibirá aos pais/nais ou tutores, sendo tan so un deles (no caso de presenza física) o que acoda a tutoría.

-Tendo en conta que o CEIP Eduardo Cela Vila non ten páxina web (posto que é un aspecto prioritario a desenrolar neste ano no mesmo), contamos coma mecanismo de comunicación xeral coas familias con un grupo de difusión, o correo electrónico de cada familia e unha comunicación directa e continuada de forma telefónica.

-Non se realizarán eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención, distanciamento e aforos.

EN RELACIÓN CO TRANSPORTE...

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara. No caso do uso de taxis ou VTC poderanse ocupar todas as prazas, ocupando en último lugar a que está a carón do condutor.

Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

-Con carácter xeral cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km). No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

-O noso centro dispón de espazo para a entrada dos autobuses dentro do recinto, de ser necesario permitiríase a entrada no mesmo para separar aos autobuses. En principio o claustro considera que non é necesario posto que estamos a falar sinxelamente de dous autobuses que traen coma moito 6 nenos en cada un deles. A saída do alumnado transportado organizarase de xeito similar á entrada, é dicir, de ser necesario permitiríase a entrada dos autobuses no recinto escolar.

EN RELACIÓN CO COMEDOR...

-O uso do comedor escolar, tanto de xestión directa como indirecta, e con independencia de quen preste o servizo, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado por 1,5 metros de distancia, ou 1 metro sempre que non estén encarados. Neste caso tendo en conta a capacidade do comedor, así coma o número de alumnado chegará con establecer unha única quenda.

-Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza. Insisto en que falamos, do denominado “grupo burbuja”.

-Os menús serán os utilizados habitualmente segundo a tempada. Cando sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexa.

- O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.

- O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. Destacar tamén que o noso centro non conta con cafetería.

OUTROS ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA.

-Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as. Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Recoméndase que no caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno/a teña entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que se desinfecte o común antes de cada uso. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome. Nas perchas o material ou roupa colocárase do xeito mais individualizado posible.

-No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula adicaranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfectantes existentes na aula (panos desbotables e solución desinfectante). Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir ao alumnado que lave as mans se non o fixo previamente.

-Evitarase o desprazamento do alumnado da aula aínda que si se permitirá levantarse para realizar pequenos estiramientos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.

-Sen prexuízo da aplicación das normas do punto anterior no caso de aulas de desdobre, talleres, laboratorios, aulas de musica, debuxo ou informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido. Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

-O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

-Onde a materia o permita substituírse o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

- En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarase que do alumnado esté encarado a unha distancia inferior a 1 metro.

-No caso da clase de educación física os exercicios serán individuais na medida do posible minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso. Realizaranse as modificacións precisas na programación da materia e cando a distancia teña que ser inferior a 1,5 metros usarase a máscara.

- Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais. Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

-Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

EN CANTO A BIBLIOTECA...

A biblioteca poderá ser usada ata o 50 % do seu aforo. Excepcionalmente, se fose posible polo tamaño da mesma, o equipo directivo pode ampliar ou reducir o aforo sempre que se cumpran as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado. Tendo en conta a capacidade da nosa biblioteca e o alumnado matriculado

neste punto non habería ningún problema eso si o acceso a biblioteca farase mediante petición previa e o alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

-O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

- O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 24 horas antes de volver aos andeis. Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

-Aplicanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

EN CANTO AOS ASEOS...

- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo.

- Durante os recreos e nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos e garantindo que se cumpre a distancia nas ringleiras de entrada e saída.

EN CANTO AO RECREO...

-Os equipos directivos establecerán o aforo posible de cada un dos posibles espazos que sexan susceptibles de utilizar como espazos de recreo, podendo incluír, de ser o caso ximnasios, pistas cubertas ou polideportivos. Na medida do posible limitaranse espazos para que un grupo de 50 alumnos poida estar distanciados polo menos 1,5 metros, independizando espazos do mesmo aforo. Nos recreos o uso da máscara será obrigatorio.

-Unha vez calculado o aforo e as dispoñibilidades de espazos así como as necesidades dos grupos do centro realizárase unha proposta de “horas de recreo” e “grupos en recreo” que permita organizar non só a distribución do alumnado senón tamén as entradas

e saídas nas aulas para minimizar concentracións elevadas de alumnado en corredores e escaleiras.

-Durante o período de aplicación destas instrucións e con carácter excepcional poderán establecerse agrupacións de cursos e modificacións de horarios que permitan incrementar a seguridade nas relacións sociais e se teña en consideración o grupo estable de convivencia.

-No período de recreo extremarase a vixilancia do alumnado reforzando, se fose preciso, a presenza de profesorado. Do mesmo xeito o equipo directivo poderá prohibir o uso de elementos comúns de xogo ou a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos.

EN CANTO A CARTELERÍA...

-O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual.

-Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual.

-A cartelería de uso preferente será a subministrada pola administración autonómica ou impresa polo propios centros en tamaño A3 ou superior.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA.

-Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico. Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso dos dispensadores non deben de ser accesibles sen supervisión.

-Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo. No caso de ter unha mesa longa ou espazosa asignaranse mediante sinalética os espazos que poden utilizarse separados por unha distancia de entre 1 e 1,5 metros.

-Para o xogo en recunchos delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas serán de fácil desinfección. Aconséllase eliminar xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.

-A merenda non se compartirá. Garantizarase o distanciamento e a desinfección entre o alumnado na medida do posible.

-Tendo en conta as características do noso centro, o recreo levarase a cabo nunha mesma quenda. Os elementos de xogo como tobogáns non deberían empregarse, así como areeiros en grupo xa que provoca a xuntanza entre o alumnado. A organización dos recreos poderá limitarse a un solo grupo con alternancias horarias entre grupos, a criterio da dirección do centro.

-Os obradoiros serán adaptados a grupos máis reducidos e procurando a desinfección do material (robótica, xogos...) despois de cada uso.

-O uso de máscara nestes grupos de idade cando formen grupos estables de convivencia non esixirá o uso obrigado de máscara nos recreos ou cambios de clase. (O cal é o caso do noso centro).

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA LABORATORIOS E TALLERES.

-Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos.

-Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.

-Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

-O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON NEE

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

-O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras.

-No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

- Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.

-O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

-No caso dunha escolarización combinada, coidarase adoptar as mesmas medidas co fin de facilitar a comprensión das mesmas por parte deste alumnado.

-O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO.

-Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

-O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por paños desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

-En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

-Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

-O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores e departamentos que permita cumprir a distancia de seguridade de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras . Neste caso, contamos coa axuda do Concello de Triacastela que ampliou a xornada da limpiadora para facilitarnos esta cuestión.

-Na realización de reunións de titorías no noso centro sempre con cita previa levaráanse a cabo de forma presencial adaptándose os espazos de forma exclusiva para estas reunións na que se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade ou o emprego de máscara e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans, se non fose posible utilizarase a vídeo chamada ou teléfono.

NORMAS EN MATERIA DE ÓRGANOS COLEXIADOS.

-De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos

que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

-Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

-Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

Nembargantes tendo todo o anterior en conta, débese comentar que o noso claustro solo consta con dúas mestras, polo tanto o máis factible é realizar as reunións de forma presencial.

ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

-CREACIÓN EQUIPO COVID: Este actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021. No noso centro sinxelamente está formado pola Responsable do mesmo Lorena María Castro Sobrado con DNI 33351990N.

-AULA DE ILLAMENTO: Aquelas persoas nas que se detecten síntomas serán illadas na aula de pedagogía terapéutica (debido a que non se utiliza na actualidade e cumpre todos os requisitos para poder ser utilizada coma tal). Na mesma aula cóntase con ventilación, xeles hidroalcholicos, panos desbotables e papaeleiras de pedal coma en todo o centro. Será utilizada coma aula de illamento mentres non se xestiona o traslado da persoa que presente un síntoma do Anexo I do Protocolo editado pola Xunta o día 31-8-20. O alumnado estará acompañado pola Responsable do centro xa que é a persoa tamén Responsable do Equipo Covid. No caso de ser necesario illar a unha persoa, o equipo COVID avisará ao persoal de limpeza para que extreme as medidas preventivas e de desinfección.

Antes da súa desinfección sinalizárase a prohibición do paso a ese espazo mediante un cartel visible a todo o persoal do centro e deixárase con ventilación constante.

-Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.: Os titores e titoras serán as responsables de dar a coñecer as actuacións deste Plan:O primeiro día explicarase en profundidade a adquisicións das rutinas necesarias para esta nova normalidade que se repetirán todos os días mentres dure esta pandemia. As rutinas en cuestión son:

- Evitar tocarse ollos, nariz e boca.
- Hixiene de mans adecuado e supervisado.
- Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar que se desbotará nun cubo do lixo con tapa. Se non é posible tusir contra a flexura do cóbado. E incidir na limpeza de mans posteriormente.
- Manter a distancia física.
- Non compartir o material propio.
- Afortunadamente e grazas a colaboración do Concello de Triacastela, a limpiadora do colexio terá todo desinfectado a hora de entrada no centro. Traballaremos co alumnado en contidos propios de desinfección de zoas comúns e materiais individuais, pero gracias a axuda prestada polo concello teremos unha limpiadora que poderá desinfectar todo na hora do recreo e a posterior saída ademais de a entrada do alumnado. Incido en que contamos con 15 alumnos en total.
- En canto ao uso de material de uso compartido (fotocopiadora,ordenadores, encuadernadora, guillotina, plastificadora...) CADA USUARIO desinfectará despois do seu uso con desinfectante de superficies e usará xel hidroalcohólico de mans para o seu manexo.

-Tendo en conta que somos un centro burbulla, contamos con que a biblioteca, aula de plástica, laboratorio, aula de inglés... é utilizada en común polos 15 nenos; todos en contacto cunha soa docente. Inculcaremos hábitos de limpeza e desinfección desas zonas, ademais a limpadora farao antes de que esa aula volva a ser utilizada. O alumnado de Infantil estará maiormente na súa aula asemade que o de primaria. Unha vez por semana acodiran todos a aula de

Educación Musical e outra vez por semana a biblioteca e a aula de plástica. Os horarios do centros están pensados para que esas horas coincidan a última hora para que a limpiadora asegure a desinfección total. A aula de inglés lóxicamente utilizarase máis polos dous grupos que temos no centro pero contamos coa xa mencionada axuda do concello aparte do aprendizaxe impartido ao alumnado polo especialista ou mestre na desinfección desas aulas utilizando para eso xel hidroalcohólico e panos desbotables.

-Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible.

-Cada aula contará cunha folla rexistro na que ir anotando as ventilacións realizadas ao longo da xornada que irá asinada polo profesorado responsable do grupo en cada momento

-A xestión de abrochos está recollida no Plan de Continxencia.

-No noso centro a dirección considera que non é necesario establecer sentidos de entradas e saídas en diferentes marxes do corredor, debido ao explicado anteriormente. Si proveeremos ao centro dun felpudo a entrada con desinfectante para o calzado.

3-ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINOPRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

Sendo realistas, debemos admitir que é un aspecto moi pouco potenciado no noso centro. En gran parte debido a falta de recursos persoais cos que nos atopamos o ano pasado: dúas docentes, das cales a Responsable de Centro era a primeira vez que se encaraba coa tarefa directiva e tamén acababa de chegar ao mesmo centro.

Hoxe en día non se conta con páxina web, o cal é un das nosas prioridades a desenvolver neste ano.

A maioría dos pais debido ao seu traballo e entorno tampouco utilizan a internet, xa que non é unha ferramenta que necesiten no seu traballo.

O ano pasado coa pandemia realizouse un seguimento do traballo do alumnado mediante o correo electrónico, grupos de difusión ou mediante o propio teléfono persoal dos docentes do centro.

Hoxe en día podemos afirmar que as dúas docentes do centro contamos como mínimo cunha formación básica nas tecnoloxías e a nosa prioridade é a creación dunha páxina web atractiva a todas as familias e especialmente fácil de utilizar. Que sexa especialmente manipulativa e sensible a súa adquisición. Queremos crear un lugar onde se poidan colgar unha serie de información básica e atractiva ao alumnado co fin de informalos a todos.

Claramente, no momento que isto sexa unha realidade, tamén nos gustaría instruír a todos os alumnos/as e familiares na utilización da mesma. De forma eficaz, fácil e sinxela.

Polo tanto na actualidade gustaríanos inda que sen páxina web instruír ao alumnado e familia nos seguintes aspectos primordiais.

- Utilización dun correo electrónico.

- Acceder a diversas páxinas web educativas e ensinar a visualizar unha serie de contidos en plataformas diversas basándonos en varios soportes.

- No momento en que teñamos a páxina web gustaríanos: Facilitar o usuario e contrasinal, acceder á aula virtual e ao curso correspondente, visualizar contidos, realizar tarefas interactivas, enviar arquivos...

- Empregar ferramentas básicas tales coma a videoconferencia, escáner...

Polo tanto a nosa prioridade en canto as accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado tanto no ensino presencial ou non presencial consiste en axudar a todos os pais e alumnos na utilización da internet, e no momento no que se cree unha páxina web nos aspectos relacionados coa aula virtual e dita páxina web, sen deixar atrás a relación persoal que hoxe existe entre as familias e as mestras do centro.

4-ATENCION AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACION DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESSION.

Temos que ter moi claro, que aparte do problema sanitario que vivimos as nosas costumes e formas de vida xa non poden ser as de antaño.

Esta situación, claramente é moi difícil para toda a poboación e inclusive moito máis para o colexio, xa que debemos de recordar que é o primeiro axente socializador para as novas xeracións. Cómo socializarnos a distancia, sen tocarnos? Cómo evitar crear unha sociedade fría arisca e falta de emocións? Eso é o que nos preguntamos a maioría dos mestres. Son tantas limitacións e normas a cumprir que temos medo que unha vez superada a pandemia se perda a espontaneidade dos nenos e tamén dos adultos. Debemos aclararlles que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as cun único obxectivo, contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

Primeiramente, no noso centro, informamos aos noso alumnos do que significa o coronavirus. Tanto ensínandolles a lavar e desinfectar as máns coma a colocarse a mascarilla. Tamén lle explicamos (tendo en conta a idade do alumnado), en qué consiste o COVID e como debemos comportarnos ante él. Para isto utilizamos, guías, fichas, videos educativos e cancións representadas por mímica.

A nivel de emocións fixemos unha cápsula do tempo. Nela todos gardamos un obxeto, debuxo, xoguete.... acompañada dunha foto de todos nos para inmortalizar o momento. Logo enterramola no patio da escola.

Ben sabemos, desgraciadamente que teremos que repetir esta información e realizar estas accións de desinfección todos e moitos días. Teremos que esforzarnos en deseñar xogos e dinámicas a miúdo para eliminar o medo dos nenos ante o contaxio. Tamén temos que incidir na problemática da difusión de bulos, xa que ésta pode chegar a ser unha situación complicada e dolorosa para o que é obxecto da mesma. Neste aspecto intentaremos utilizar a psicoloxía de forma individual co creador ou creadores dos mesmos e tamén coa vítima desas mentiras. Traballar co resto de alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non esté fundamentada e confirmada coa apelación a que non se pode ferir a ningún gratuitamente sen saber se o bulo e

certo (esta parte tamén incluíría a toda a comunidade educativa, xa que en dous días de clase ocorreu esta situación). Respeto ao alumnado buscamos construír persoas críticas e veraces e estas accións de atacar sen saber a verdade o único que consiguen é alterar a convivencia no centro nun momento que deberíamos estar máis unidos que nunca.

Por outro lado os nenos necesitan contar a súa experiencia e como se sinten. Necesitan transmitir emocións, ideas, que se lles teña en conta xa que cando esta situación comezou os adultos comezaron tamén a cambiar e nun primeiro momento quizais a ocultar información o presentala moi duramente debido ao grado de angustia e desesperación. O alumnado necesita soltar todas esas emocións que leva meses gardándoas e unha moi boa forma sería mediante a relaxación e tamén o deporte na medida que os especialistas de educación física poidan. Queimar enerxía e relaxarnos, aparte obviamente das medidas psicolóxicas e dinámicas que levaremos a cabo.

Sendo neste momento dúas mestras máis unha itinerante e quince nenos temos a suficiente confianza de poder levar a cabo a atención emocional e social que os nosos alumnos reclaman.